

# DINÁMICAS PARA A COMPETENCIA SOCIAL O AGASALLO



## OBXECTIVOS DA DINÁMICA

- ★ Promover un clima de convivencia positivo
- ★ Aumentar a autoestima do alumnado.

## DESENVOLVEMENTO DA DINÁMICA

- ★ O alumnado senta en círculo, pechando a "U" cun caderno ou un libro para apoiar, un folio en branco e un rotulador (se pode ser, cada persoa utiliza unha cor diferente, para que o resultado quede máis vistoso). Nese folio cada un debuxa un óvalo, que servirá de contorno da súa cara e o seu nome (se coincide no nome con outra persoa, escribe tamén o apelido).
- ★ Explicamos a dinámica, que consiste en que cada persoa entrega a súa folla a quen estea sentado á beira, que debuxará unha parte da cara e escribirá un adxectivo que sexa agradable sobre esa persoa. Está terminantemente prohibido poñer adxectivos que sexan negativos. É un momento para expresar opinións agradables e todos/as temos aspectos positivos.
- ★ O titor/a conta ata 10 lentamente e di "Cambio!" e todas as follas móvense un lugar á dereita. As follas van pasando por todo o alumnado, ata que chegan á persoa dona desa folla, que terá o seu agasallo.

## PREGUNTAS PARA A REFLEXIÓN

- ★ Como vos sentides lendo e vendo o voso retrato?
- ★ Que vos pareceu o voso agasallo? Gustouvos?
- ★ É agradable recibir opinións positivas?
- ★ Creedes que a miúdo esquecemos dicir as cousas positivas das demais persoas?

## MATERIAIS

- ★ Folios en branco
- ★ Rotuladores de cores